

# > AGOSTO



**VENRES 4**

**Praza do Concello | 22.30**

**XABIER DÍAZ E AS ADUFEIRAS DE SALITRE**  
*As catedrais silenciadas*

Patrocina:



Colabora:



Regresa a casa un dos artistas máis importantes da música galega, Xabier Díaz, para presentar xunto ás cantareiras Adufeiras de Salitre, o seu terceiro disco *As Catedrais Silenciadas*. As súas composicións parten do traballo de investigación, escoitando as cancións das mulleres no rural, dándolles o seu toque particular.

A súa música, as influencias doutras latitudes e as súas novas letras aportan frescura a una materia prima propia do noroeste, a través de pasodobres, xotas, alalás, ribeiranas, muiñeiras e agharrados.

**VENRES 11**

**Rúa Coruña**  
**22.30**

**BERTO**  
*Sinto*

Colabora:



O proxecto Berto nace en decembro de 2021 da man do músico e compositor pontevedrés de Alberto Mira, que leva editado tres traballos nestes últimos anos *Viaxe ao espazo interior*, *Bailar Chikito* e *Sinto*, o seu último lanzamento musical.

Berto presentará trece cancións que nos lanzan directamente o á pista de baile. Trece cortes pop que van desde a electrónica ao trap, pasando polo post punk, o RnB e o synth pop. Himnos bailables e vitalistas que nos falan do día a día, da amizade, do amor e da perda.

**VENRES 18**

**Praza do Concello | 21.30**

**FESTIVAL DE HOMENAXE A CARLOS DÍAZ O'XESTAL**

Banda municipal de gaitas, Grupos de Música e Baile tradicional da AC Nemeth, Grupos de Música e Baile Tradicional Arume de Verdillo e Coro Aires de Bergantiños



Neste ano adicado a Carlos Díaz O'Xestal as agrupacións culturais rendirán unha homenaxe a este polifacético artista, a través da música, o canto, a regueifa, dando valor ao noso patrimonio etnográfico.



**XOVES 24**

**Praia de Razo | 13.00**

**PACO NOGUEIRAS**  
*C@nto Conto*

Os máis cativos e activas teñen unha cita na Praia de Razo co músico Paco Nogueiras, que chega acompañado dos seus instrumentos facendo un percorrido por un amplo abano de estilos musicais, dende o techno ao rock, pasando polo reggae ou a música electrónica, sen esquecer as influencias tradicionais.



Colabora:



Collede aire, sacade o voso mellor sorriso e vinde a cantar, rir, bailar ou a escoitar coas mans coas orellas ben abertas!

**+INFO**



Cultura Carballo  
[www.carballo.gal](http://www.carballo.gal)



No caso de predición de choiva, as actuacións previstas na Praza do Concello poderán trasladarse ao Pazo da Cultura ou á Praza de Abastos e a entrada será libre, limitada ao aforo do auditorio do Pazo ou da Praza. Informarase coa máxima antelación posible.



CONCELLARÍA DE CULTURA



Fundación Luis Calvo Sanz



## VERÁN CULTURAL CARBALLO 2023





# > XULLO

**DO 6 AO 9**

Xardín Municipal | Todo o día

**PLIC! PRAZA DOS LIBROS**  
Feira da creatividade cultural

Este ano a Praza dos Libros volve con concertos infantís, presentacións literarias ben apetitosas, e poesía e música aderezadas cun toque de humor! Ademais, cada día poderedes achegarvos aos postos das distintas librarías para fascinarvos coas últimas novidades literarias e aproveitar os descontos especiais. Véxase o programa específico desta feira

Colabora: **Fundación Luís Calvo Sanz**



**VENRES 7**

**Praza do Concello**  
22.30

**SÉS**  
*Diante un eco*

*Diante un eco* é o oitavo traballo discográfico da cantautora galega, que volve aos seus inicios, pero desde o oficio e a madurez e, sobre todo, desde unha visión intercultural. Unha sólida reafirmación da cantora que se considera amante e deudora, sen complexos e sen renunciar á calidade poética que a caracteriza.



Colabora **Deputación DA CORUÑA**

Foto: Marc Várez

**VENRES 14**

**Praza do Concello | 22.30**

**DE VACAS**  
*Rebovina Divas Live*

Colabora: **Deputación DA CORUÑA**

Regreso a Carballo deste grupo do novo espectáculo no que poderemos bailar os éxitos das nosas vidas ao ritmo de petaceta, abrindo os seus diarios confesando os seus segredos máis íntimos, rebobinando na historia da infancia cara os momentos máis luminosos. Ás músicas e ás bases electrónicas súmanselle espectaculares coreografías, seguindo cunha liña de letras que non deixa títtere con cabeza.



**VENRES 21**

**Bosque do Añón\*\*\***  
20.30

**GALEATRO**  
*Muiñada*

Colabora: **Deputación DA CORUÑA**

A compañía Galeatro poñerá en escena a súa peza *Muiñada* nun espazo novo, o Bosque do Añón. A través da relación de dous personaxes, Sabela e Xacobe, realizaremos unha viaxe para coñecer a memoria das nosas avoas e avós, a través do xogo, o teatro, as lendas, a tradición e a música.



**XOVES 27**

**Praia de Razo**  
Sesiões: 13.00 / 17.00  
18.00 / 19.00 / 20.00

**MAGO ANTÓN**  
*A volta a Galicia en 313 concellos*

O Mago Antón levará o *magomóbil*, un teatro sobre rodas deseñado para a presentación de espectáculos de maxia, dirixido ao público familiar no que se suceden a un ritmo trepidante unha ducia de xogos de maxia.

Haberá 5 sesións ao longo de todo o día, con aforo limitado a 70 espectadores por función, e terá que realizarse a reserva previa na Biblioteca Rego da Balsa ou no posto da Praia dos Libros en Razo.



Colabora: **Deputación DA CORUÑA**




**VENRES 28**

**Praza do Concello**  
22.30

**ANTÍA MUÍÑO**  
*Carta Aberta*

Antía Muíño é unha cantautora galega que mestura a canción de autor, a tradición e o pop, con evocacións que van dende o jazz ata a bossa nova ou a música tradicional galega. Unha das voces máis reveladoras da nova canción galega que se presenta como un eixo transversal entre diferentes xéneros e xeracións.

O seu primeiro traballo, *Carta Aberta*, tivo unha gran acollida entre público e crítica, acadando o galardón ao Mellor artista emerxente dos Premios Martín Códax 2022.



Colabora: **Deputación DA CORUÑA**

## > FESTAS DE VERÁN EN CARBALLO

### XULLO

**21 xuño a 2 xullo** San Xoán CARBALLO  
**1** Romaría Galega BALDAIO  
**10 e 11** San Cristovo e Sacramento LEMA  
**16** Nosa Señora do Carme da Piña SOFÁN  
**22** Santa María Magdalena ALDEMUNDE  
**25, 26 e 27** Santiago Apóstolo SÍSAMO

**15, 16 e 17** Santa María RUS  
**16 e 17** Santa Irene LEMA  
**19** Festa do Berberecho BALDAIO  
**25, 26 e 27** San Xínés ENTRECUCES  
**26** Festa do Pichorro CANCES  
**31** San Ramón NOICELA

### AGOSTO

**4 e 5** Perpetuo Socorro ARTES  
**5** San Antón RAZO  
**5 e 6** San Cristovo CARBALLO, núcleo urbano  
**6** O Carme NOICELA  
**6** Mexillonada LEMA  
**6** Santa Mariña RAZO  
**6, 7 e 8** San Salvador SOFÁN  
**10, 11 e 12** San Lourenzo VERDILLO  
**14, 15 e 16** Santa María BÉRTOA  
**15** Santa María ARDAÑA  
**15 e 16** Santa Carmen OZA

### SETEMBRO

**1, 2 e 3** Milagrosa CARBALLO  
**2 e 3** Santa Lourdes XOANE  
**8** Os Milagres ARTES  
**16** As Dolores VERDILLO  
**16** Santa Eufemia BÉRTOA  
**16 e 17** Santa Eufemia e San Mateo RUS  
**Última semana** Os Remedios ARDAÑA  
**30 e 1 outubro** San Breixo OZA

## > NOITES DE CINE

### XULLO

**Mércores 12 | 22.30 h**  
**RAZO (Praia)**  
*Take every wave: la vida de Laird Hamilton*  
(Documental de surf)  
118' / Recomendada +12 anos

**Mércores 19 | 22.30 h**  
**PRAZA DE SAN CRISTOVO**  
*Llenos de gracia*  
109' / Recomendada +7 anos

**Mércores 26 | 22.30 h**  
**SOFÁN-PRAZA**  
*Encanto*  
A. Mulleres Rurais San Salvador-Sofán  
99' / Todos os públicos

### AGOSTO

**Mércores 2 | 22.00h**  
**PRAZA DO CHORÍS**  
*Cazafantasmas: más allá*  
124' / Recomendada +12 anos

**Mércores 9 | 22.00 h**  
**BALDAIO (Pedra do Sal)**  
*Dios mío, pero qué nos ha hecho?*  
AC Castro de Lema  
98' / Recomendada +7 anos

**Mércores 16 | 22.00 h**  
**XARDÍN MUNICIPAL**  
*Sica*  
91' / Recomendada +7 anos

**Mércores 23 | 22.00 h**  
**CANCES (Campo da Capela)**  
*Bebé jefazo: negocios de familia*  
AC San Campio-Cances  
97' / Todos os públicos

**Xoves 31 | 22.00 h**  
**PRAZA DA MILAGROSA**  
*Padre no hay más que uno 3*  
ACD Milagrosa  
99' / Todos os públicos

## > E ADEMAIS...

**1 de xullo**  
**XVIII ROMARÍA GALEGA**  
Organiza: ADCR Baldaio  
Colabora: Concello de Carballo

**5 de agosto**  
**XXV FESTA DO MEXILLÓN**  
Organiza: AC O Castro de Lema  
Colabora: Concello de Carballo

**19 de agosto**  
**XXIII FESTA DO BERBERECHO**  
Organiza: ADCR Baldaio  
Colabora: Concello de Carballo

**26 de agosto**  
**XIX FESTA DO PICHORRO**  
Organiza: AC San Campio de Cances  
Colabora: Concello de Carballo